

[en](#) | [gl](#)

[Press release](#) | 25.10.2022

Ana Miranda, elixida vicepresidenta da Comisión de Peticións da Eurocámara

A eurodeputada de ALE, Ana Miranda, vén de ser elixida vicepresidenta primeira da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo -en substitución da eurodeputada Margrette Auken-, mes e medio despois de que o Bloque asumira de novo o escano na Eurocámara. No primeiro punto da sesión celebrada hoxe, Miranda foi elixida por aclamación dos membros da Comisión, é dicir, sen necesidade de votación, de forma que a nacionalista ocupa con este nomeamento un dos cargos mais altos dos representantes galegos no Parlamento Europeo.

“Con esta nova responsabilidade o Bloque vése máis recoñecido na Eurocámara, con maior poder e capacidade política para dar máis visibilidade a Galiza e os seus problemas”, subliña Ana Miranda, quen na súa intervención salientou que xa formara parte da comisión noutras ocasións e como exemplo do seu traballo fixo referencia a algúns dos temas tratados, como o informe da contaminación das rías galegas, o accidente do Alvia e as reclamacións das enfermeiras en loita. Igualmente, a eurodeputada nacionalista tamén impulsou no seo desta comisión o debate sobre o Servizo de Axuda no Fogar, o tratamento de residuos, a megaminería contaminante, a instalación dos megaparques eólicos, a prohibición das fundacións franquistas, a liberdade de expresión e os dereitos laborais.

Intervir directamente

“Sempre colaborei cos demais grupos de maneira leal na que creo que é a mellor comisión do Parlamento Europeo”, subliñou Miranda, quen considera que nesta comisión é na que as persoas, os colectivos e os Pobos *“poden intervenir directamente”* para falar dos temas denunciados. Neste sentido, a eurodeputada verde danesa Margrette Auken, quen propuxo a Miranda para substituíla en nome do grupo parlamentar ao que pertence o BNG, asegurou que non lle cabía ningunha dúbida de que a súa colega vai facer *“perfectamente o seu labor coma sempre traballou”*.

Na Comisión de Peticións da Eurocámara hai numerosos temas galegos coma hoxe mesmo, cando comparecerán familiares do barco Villa de Pitaxo, afundido en Terranova o pasado mes de febreiro.

Recommended

News



[About the EFA Group](#)

16.07.2024

Press release



[European Free Alliance Group Congratulates French MPs ...](#)

08.07.2024

Press release



[Diana Riba i Giner Elected as President of the EFA Gro...](#)

18.06.2024

Press release



[EFA Group stament on the passing of Josep Maria Terric...](#)

17.04.2024

Responsible MEPs



Ana Miranda

Member

Contact person



Valentina Servera Clavell

EFA Press, Communications & Campaigns Officer

Please share

[.E-Mail](#)